



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Comisión Permanente de Saúde Laboral

Tal e como se quedaramos na en reunións anteriores e pola insistencia da parte social os responsables de saúde laboral explicáronnos como vai ser o acceso desde a INTRANET ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, onde poderemos consultar os Plans de Prevención, os procedimentos de saúde laboral, as Memorias de Prevención así como información sobre os distintos membros do servizo de prevención da AEAT. Mais que nada tratouse de un adiamento para que todos os empregados da AEAT vexan o que mais lles poida interesar da Saude Laboral.

Nun primeiro momento estaran colgadas tamén unhas "Recomendación de Seguridade e Saúde". Nun primeiro lugar teremos información de cómo se debe traballar con pantallas de visualización de datos, dunha maneira bastante gráfica. Empezan por estas imaxes porque é algo que afectan a casi que todo o colectivo da AEAT. Mais adiante iran colgando mais cousas segun vaian surxindo ou ben lle recomendemos. Tamén existirá unha referencia para a "Vixilancia da Saúde", o directorio do Gabinete Médico e o buzón directo do servizo de prevención (que como xa dixeramos nunha nota anterior é prevencion.riesgos@correo.aeat.es)

Estivemos a falar tamén das reunións dos distintos Comités Provinciais do Servizo de Prevención e o problema que hai, ao respecto, en determinadas Delegacións (por exemplo Pontevedra) por non cumprir a periodicidade das reunións (como mínimo deben ser trimestrais).

Tamén entregaron resume das actuacións do servizo de prevención, como son as distintas avaliacións iniciais de riscos así como os datos respecto as visitas e informes técnicos e as estadísticas dos accidentes no ámbito da AEAT nos que destacan, como xa é habitual, o colectivo de Vixilancia Aduaneira (case o 20% do total). Cremos que xa é hora que a AEAT convoque tal e como se comprometera na reunión anterior, a Mesa de Saúde Laboral en exclusiva para Vixilancia Aduaneira.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM